

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación do
Itinerario de Interpretación
Curso 2018/19

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



1.	Introducción	páx. 3
2.	Metodoloxía	páx. 6
3.	Atención á diversidade	páx. 7
4.	Temas Transversais	páx. 8
4.1	Educación en valores.....	páx. 9
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información (tics)	páx. 11
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	Páx. 13
6.	Temporalización e contidos.....	Páx. 14
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación	páx. 18
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	páx. 20



1. Introducción

Esta Programación Didáctica de Itinerario Interpretativo está baseada nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do sexto curso de grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de vento madeira seguindo o currículo oficial vixente para a materia e o proxecto educativo do centro, como establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II do Decreto 203/2007 do 27 de setembro.

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumno ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxetivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario interpretativo coma o colofón natural deste desenvolvemento.

O itinerario de interpretación pretende dotar o alumnado dunha base teórica- práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo do século XX.

Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete.

Ante todas estas consideracións previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece e, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes documentos legais:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2. Metodoloxía

- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que dicimos e pedimos.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é colectiva a maior parte do tempo, por iso é necesario tamén ter en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de orquestra require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases e ensaios, ensinándolle a traballar de forma colectiva adaptando as súas características individuais ás que se definen para o conxunto.
- **Convivencia:** Dado que as actividades da nosa ensinanza requiren do traballo en equipo, fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación real.
- **Inter-disciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os

seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

3. Atención á diversidade

Estableceranse os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade, pois diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que non tódolos alumnos aprenden á mesma velocidade nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de orquestra teremos en conta as seguintes pautas:

- Valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan durante a avaliación inicial, vivencias e experiencias no seu instrumento e nas prácticas de conxunto.
 - Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

AD é un bo indicador do sistema educativo, pois é un sistema que tenta dar resposta a todos os alumnos con características por riba da media.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de

música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4. 1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarámola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto to muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o ríspeto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e ríspeto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente. O modelo pedagóxico debe completarse cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A natureza colectiva da ensinanza de orquestra, pode ter nas TIC un recurso útil que permite inter-actuar co alumnado sen empregar o tempo do ensaio.

- Como recurso didáctico en clase, dispoñendo de equipamento audiovisual para escoitar obras de interese, analízalas e comentalas.
- Como vía para a comunicación e intercambio dos traballos individuais que se poderían solicitar aos alumnos referidos ás obras programadas durante o curso, que estimule a investigación e sirva ao enriquecemento cultural e musical propio e do colectivo.
- Para a información e transmisión de ficheiros: vídeo, audio e documentos de interese sobre as obras de estudo.
- Como vía alternativa para a organización de ensaios máis eficientes, de xeito de incidir en obxectivos concretos xa planificados.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

- Participación nas audicións de alumnos que se realicen durante o curso.
- Participación nos cursos, intercambios e demais actividades que se programen durante o curso.
- Asistencia a concertos tanto dentro como fóra do centro.

6. Temporalización e contidos

Primeira avaliación:

- Música e interpretación histórica.
- Música actual. A música contemporánea e a ruptura co público.
- Tendencias musicais actuais: novas grafías, novas técnicas compositivas, jazz, improvisación libre, etc
- Intérpretes representativos de cada instrumento e crítica comparada.
- Repertorio e a evolución organolóxica e histórica do instrumento.
- Realización de críticas a un concerto.
- Lectura dun dos libros propostos

Segunda avaliación:

- Exposición do traballo da avaliación anterior
- Técnicas de estudo. Fraseos, memorización, respiración.
- Diferencias entre a interpretación como solista, música de cámara, música orquestral...
- Os instrumentos de vento madeira en diferentes estilos: jazz, folk, clásica...

Audicións das obras máis representativas de cada instrumento. Discografía básica.

Terceira avaliación:

- Coñecemento corporal aplicado a execución: Técnica Alexander, método Feldenkrais, control do medo escénico, tai chi, yoga...
- Lectura dun dos libros propostos

- Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais e como interpretes.
- Presentación das diversas saídas profesionais

Contidos

- Música e interpretación histórica.
- Música actual. A música contemporánea e a ruptura co público.
- Tendencias musicais actuais: novas grafías, novas técnicas compositivas, jazz, improvisación libre, etc
- Técnicas de estudio. Fraseos, memorización, respiración.
- Diferencias entre a interpretación como solista, música de cámara, música orquestral...
- Os instrumentos de vento madeira en diferentes estilos: jazz, folk, clásica...
- Audicións das obras máis representativas de cada instrumento. Discografía básica.
- Coñecemento corporal aplicado a execución: Técnica Alexander, método Feldenkreis, control do medo escénico, tai chi, yoga...
- Intérpretes representativos de cada instrumento e crítica comparada.
- Repertorio e a evolución organolóxica e histórica do instrumento.
- Realización de críticas a un concerto.
- Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais e como interpretes.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Existirán tres momentos de avaliación do alumnado:

Avaliación inicial: comprobación do desenvolvemento e os coñecementos previos do alumno

Avaliación continua ou de progreso: a través da observación constante da súa evolución e os exames e cuestionarios correspondentes a cada trimestre.

Avaliación de aproveitamento e certificación de nivel: seguindo o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.

Criterios de avaliación

- 1) Aprender a controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas da relaxación, concentración e respiración estudadas. Mediante este criterio preténdese valorar o grao de relaxación, concentración e respiración que pode conseguir o alumnado para evitar as tensións que poidan provocar un esforzo físico innecesario e o medo escénico.
- 2) Analizar audicións dunha mesma obra en diferentes versións. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para delimitar e establecer os criterios estilísticos que rexeron a interpretación ao longo do século XX.
- 3) Realizar comentarios críticos ante as novas tendencias musicais. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumno co obxecto de reflexionar sobre as características musicais do século XXI.
- 4) Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.

- 5) Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas. Mediante este criterio avalíase o grao de participación do alumno, así como ou seu interese na clase.
- 6) Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de implicación do alumno co grupo e a súa colaboración para desempeñar o papel que lle corresponda dentro del.
- 7) Xulgar as interpretacións propias e alleas. Mediante este criterio buscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante os outros intérpretes.
- 8) Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo. O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, por medio das tecnoloxías adecuadas, e pode percibir unha interpretación dada en comparación co texto para aplicar ao seu propio progreso como músico.

Contidos Mínimos

Lectura de dous libros dos enumerados en bibliografía, entre os que obrigatoriamente un deles ha ser “Poética musical” (Stranvinsky) “La interpretación musical”(Rink) “Del texto al sonido” (Mantel) ou “El cuerpo recobrado “ (Gelb).

Ferramentas de Avaliación

Observación diaria da clase.
Capacidade crítica e participación.
Traballos e lecturas

Criterios De Cualificacion

Observación diaria da clase: 50%
Traballos: 20%

Capacidade crítica e participación: 30%

En caso de perda de avaliación continua ou suspenso, o alumno deberá facer unha proba escrita baseada nos libros correspondentes ós contidos mínimos delimitados polo profesor. Para as probas extraordinarias en setembro o alumno deberá entregar un traballo sobre un dos libros dos contidos mínimos e outro dun libro a elixir da bibliografía. A exposición do traballo de xeito oral pode ser solicitado polo profesor.

Normas de presentación do traballo

- Extensión mínima de 15 páxinas por unha soa cara. Deberá incluír unha portada e un índice que quedarán excluídos do número de páxinas. Na portada deberá figurar o título do traballo así coma o nome completo do alumno, o título da materia, o ano académico e a especialidade instrumental.
- Formato: o texto debe estar xustificado por ambos marxes.
- Data límite: a data límite para entregar os traballos por escrito será comunicada coa suficiente antelación.

O traballo deberá estar encadernado.

Ó final do traballo deberá aparecer unha valoración persoal sobre o mesmo

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Igual que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

O profesorado pode realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Tamén se pode contar coas análises das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que

dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno

Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), o departamento determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas

9. ANEXOS

Bibliografía Poética musical	Stravinsky
De lo bello en la música	Hanslick
La idea de la música absoluta	Dahlhaus
Sobre la música	T.W.Adorno
Coversaciones con Glenn Gould	J.Cott
Feminismo y música	Pilar Ramos
Fronteras de la música	Ramón Barce
Música e inspiración	J.Harvey
Gastronomía Musical	J.Carreras
El músico: Una introducción a la psicología de la interpretación musical	Varios autores
Interpretación. Del texto al sonido	G.Mantel
La actuación musical: Manual básico para interpretar en público	Ángeles Manresa
Psicología para intérpretes artísticos	A.López de la Llave/M. Pérez-Llantada
Cómo superar la ansiedad escénica en músicos	G.Dalia Cirujeda
La interpretación musical	J.Rink
<i>Improvisación libre, la composición en movimiento</i>	Chefa Alonso
Conversations with Arrau	J.Horowitz